

Ola a todos e todas, esta é a derradeira ficha do curso. Había que tocar un tema (conflito) actual e este documental reflicte o problema da violencia na nosa sociedade con moita seriedade, non exenta de humor. O enlace para ver o documental é este:
<https://www.youtube.com/watch?v=NYKe2kgfgXY>

É un traballo voluntario e hai que entregalo antes do vernes 12 de xuño ás 24:00.

BOWLING FOR COLUMBINE

“Bowling for Columbine” é un filme documental escrito e dirixido por Michael Moore. Tivo unha gran repercusión en EE UU e no resto do mundo. Foi premiado co Oscar ao mellor documental en 2002.

O seu tema é a violencia na sociedade norteamericana. Por que morren 11, 000 persoas cada ano por disparos de armas de fogo?

O punto de partida é a matanza no Columbine High School en abril de 1999. Doce alumnos e dous profesores foron asasinados. Máis de cen persoas feridas. Por que?

ABOUT MICHAEL MOORE

Michael Moore é un famoso cineasta e escritor norteamericano. É tamén un activista político e o líder dun movemento anti-Trump.

Cando tiña 18 anos presentouse ás eleccións para director do seu distrito escolar.. e gañou!!

Participou para demostrar que o sistema educativo era un completo sinsentido. Nunca se graduou porque empezou a traballar como guionista sendo un adolescente. Da televisión pasou ao cine e agora é parte do star-system (do anti star-system). Traballa no que lle gusta, non ten horario e é millonario.

Agora, mentras disfrutamos da película, contestamos a este sinxelo cuestionario.

Enlace para mirala en youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=NYKe2kgfgXY>

QUESTIONS

- 1) Michael Moore abre unha conta bancaria. Que recibe de regalo promocional por parte do banco?
- 2) En calquera poboación de EE UU é fácil conseguir armas ou balas. Cita varios lugares onde as podes comprar
- 3) Que é a NRA? Explica os seus obxectivos
- 4) Columbine High School está en Littleton. Littleton é un suburbio. Explica que é un suburbio en EE UU. Que tipo de xente vive nun suburbio?
- 5) Lockheed Martin é unha gran empresa. Ten unha gran fábrica en Littleton. Que tipo de produtos fabrica Lockheed?
- 6) Eric Harris e Dylan Kiebold foron os autores da matanza de Columbine. Horas antes da matanza, asistiron a clase. De que asignatura?
- 7) Matt Stone e Trey Parker, os creadores de South Park, viviron e estudaron en Columbine. Cal é a súa opinión sobre o seu instituto e o sistema educativo?
- 8) Os “expertos” botanlle a culpa da traxedia de Columbine a varias persoas/cousas. Cita as opinións deses “expertos”.
- 9) Quen é Marilyn Manson? É unha persoa violenta? Marilyn Manson opina que: a violencia vende, o crime vende, o odio vende. Do you agree?
- 10) Que pretenden os medios de comunicación americanos con tanta noticia alarmante?
- 11) Que tipo de persoa é asociado ao crime nos medios de comunicación dos EE UU?

- 12) Para que foron Michael Moore, Richard e Mark ás oficinas de K-Mart?
- 13) Que pasou tras a súa visita a K-Mart?
- 14) Imaxina que podemos cruzar a rúa, entrar en Mercadona e comprar 1000 balas. Cal é a túa opinión?
- 15) Son os EE UU un país violento? Razona a túa resposta.